



CASA DA CULTURA

### ORGANIZACIÓN

Delegación de Cultura  
Concello de Burela

### CONCELLEIRA DELEGADA

Neves Cando

### SEDE

Casa da Cultura  
Biblioteca Pública Municipal  
Rúa Pardo Bazán, n.º 6  
27880 BURELA (Lugo)

### INFORMACIÓN

Anxo Rubiños Ben  
Teléfono/Fax: 982 58 06 83



CASA DA CULTURA

### HORARIO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS

De LUNS a VENRES:

- Mañá: de 10'00 a 13'00 h.
- Tarde: de 17'00 a 20'00 h.

### DATAS DE PRESENTACIÓN

Do 28 ao 31 de Marzo de 2011

### ENDEREZO

CASA DA CULTURA  
Biblioteca Pública Municipal  
Rúa Pardo Bazán, n.º 6  
27880 BURELA (Lugo)



**Concello de Burela**  
DELEGACIÓN MUNICIPAL DE CULTURA

**C** **XVI**  
**e** **B A S E S**  
**r** **2**  
**t** **0**  
**Ar** **1**  
**te** **1**  
**m** **GALERÍA**  
**e** **BURELA**



CASA DA CULTURA



CASA DA CULTURA

## BASES:

- 1.- Poderán concorrer neste Certame tódolos artistas nados ou residentes en España ou Portugal.
- 2.- Establécense dúas modalidades:
  - Pintura
  - Escultura
- 3.- Cada autor poderá presentar, como máximo, unha obra en cada modalidade.
- 4.- As obras presentadas deberán ser orixinais, non admitíndose, polo tanto, as que concurren en outras exposicións.
- 5.- Os participantes disfrutarán de tódala liberdade temática. Están admitidos, por iso, tódalas técnicas ou procedementos e tódalas tendencias ou correntes estéticas.
- 6.- O xurado realizará unha selección previa das obras que concurren ó certame, reservándose o dereito de organizar outra exposición paralela coas obras non seleccionadas ó concurso.
- 7.- As obras presentaranse na Biblioteca Pública Municipal, sita na Rúa Pardo Bazán, n.º 6. C.P 27880 Burela (Lugo), persoalmente ou por calquera medio de transporte que garanta a entrega das mesmas. A recepción terá lugar do 28 ao 31 de Marzo, de luns a venres e entre as 10 e as 13 horas da mañá, e entre as 17 e as 20 horas da tarde. Acompañaranse, asemade, fotocopia do D.N.I e o boletín de inscrición debidamente cuberto, que será facilitado ó efecto, entregarase tamén un dossier fotográfico da súa obra. A fotografía da obra presentada ó certame, presentarase cun pé que recolla: título, medidas, técnica, nome, enderezo e teléfono de contacto do/a autor/a. Xunto coa fotografía, de cada obra, achegarase unha breve nota biográfica do/a autor/a. Asemade, as obras de pintura deberán estar protexidas, sempre, por un listón de madeira ou marco.
- 8.- A organización non se responsabiliza das posibles roturas ou extravíos das obras durante o seu transporte.



CASA DA CULTURA

- 9.- Os gastos de envío e devolución das obras son de conta do autor. As obras presentadas serán retiradas o remate da exposición (do 23 ao 27 de Maio) en horario indicado na base 7.<sup>a</sup> para a recepción.
- 10.- As obras que constituían o Certame, expoñeranse do 15 de Abril ao 20 de Maio na Sala de Arte da Casa da Cultura de Burela.
- 11.- A cuantía dos premios será a seguinte: Primeiros clasificados: 1.800 € por modalidade e diploma acreditativo. Segundos clasificados: 1.200 € por modalidade e diploma acreditativo e terceiros clasificados: recibirán un diploma acreditativo e unha figura representativa do Certame. Os premios quedarán sometidos ás normas fiscais vixentes.
- 12.- As obras premiadas serán escollidas por un xurado nomeado a tal efecto e as clasificadas en primeiro e segundo lugar pasarán a ser propiedade do Concello.
- 13.- A idade mínima para poder participar no Certame será de 17 anos.
- 14.- O fallo do xurado, será inapelable, darase a coñecer durante o tempo que dura a exposición, a entrega de premios terá lugar o venres 20 de Maio na Sala de Arte da Casa da Cultura, ás 20:00 h.
- 15.- O premio poderase declarar deserto en caso de que o xurado así o estimara en decisión inapelable.
- 16.- A presentación das obras supón que os seus autores coñecen estas Bases e mostran absoluta conformidade con elas e coas decisións do Xurado, que queda facultado para interpretar calquera dúbida que se plantexase.
- 17.- A organización resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nas presentes bases, sempre que estime que poidan contribuir ó mellor desenvolvemento do Certame.
- 18.- O boletín de inscrición e o impreso das presentes Bases poderán ser solicitados na DELEGACIÓN DE CULTURA DO CONCELLO DE BURELA.



CASA DA CULTURA

## FOLLA DE INSCRICIÓN 2011

D/D.<sup>a</sup>..... D.N.I.:

ENDEREZO:.....

LOCALIDADE:..... TELÉFONO:.....

EXPÓN: Que desexa participar no XVI Certame de Arte "Galería Burela", organizado pola DELEGACIÓN DE CULTURA do Concello de Burela, na modalidade de:

PINTURA  ESCULTURA coa obra:

\* Título:..... Medidas:.....

\* Técnica:..... das que se acompaña unha ficha, indicando os datos solicitados na base 7.<sup>a</sup> e unha fotocopia do D.N.I. Asemade, coñece e acepta as bases deste Certame:

Atentamente, Asdo.: D./D.<sup>a</sup>.....